

005438 11.06.2015 14:49

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 11/06/2015 SOBRE ESTUDOS DE DOUTORAMENTO
REALIZADOS AO ABEIRO DO REAL DECRETO 1393/2007**

A regulación das ensinanzas oficiais de doutoramento ven establecida no Real Decreto 99/2011, de 28 de xaneiro. Non obstante, o propio real decreto na súa disposición transitoria segunda establece que aqueles programas de doutorado xa verificados conforme ao establecido no Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, deberán adaptarse ao disposto no R.D. 99/2011 con anterioridade ao inicio do curso académico 2013-2014, quedando, en todo caso, extinguidos con anterioridade ao 30 de setembro de 2017.

En relación cos doutorandos que, á data da entrada en vigor do Real Decreto 99/2011, estiveran cursando estudos de doutorado, a disposición adicional primeira do Real Decreto establece que disporán dun prazo de 5 anos para a presentación e defensa da tese de doutoramento, transcorrido o cal, sen proceder á súa lectura, o doutorando causará baixa definitiva no programa.

Sen embargo, ningún dos preceptos citados resolveu a dúbida que xorde en relación ca duración dos programas de doutoramento do alumnado que inicie, tanto no curso 2011-2012 como no curso 2012-2013, os estudos de doutoramento, conforme á ordenación anterior ao Real Decreto 99/2011 en tanto non se extingan. En consecuencia, a Secretaría Xeral da USC considerou na Instrución 12/2012, que dado que son estudos anteriores á entrada en vigor do novo Real Decreto de Doutoramento, debe aplicarse o establecido na súa disposición transitoria primeira, e polo tanto estes doutorandos disporán de 5 anos dende a entrada en vigor do R.D. 99/2011, data que se concreta no 11 de febreiro de 2016, para efectuar o depósito da tese de doutoramento.

Aínda así, esta instrución non deu resposta a algunhas cuestións que se formulaban como é a posibilidade de prórroga, suspensión nos programas, realización de estudos a tempo parcial, etc. Ademais, dado que os estudos do RD 1393/2007, non teñen unha regulación en moitos dos aspectos do procedemento, fíxose necesario establecer un réxime supletorio ao Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC. Para solventar esta problemática aprobouse a Instrución 2/2013, da Secretaría Xeral da USC sobre estudos de doutoramento realizados ao abeiro do Real Decreto 1393/2007, pero a devandita instrución só regulou os aspectos necesarios en relación cos alumnos que comezaron os seus estudos no curso 2012/2013 en programas de doutoramento verificados conforme o Real Decreto 1393/2007, deixando sen regular o mesmo suposto para aqueles alumnos que comezaron os seus estudos no curso anterior, isto é, no curso 2011/2012.



Por outra banda para clarificar algunhas cuestións dos programas de doutoramento en extinción, tanto nas datas límites de depósito e defensa, como no procedemento de tramitación das teses, aprobouse a Resolución Reitoral do 28 de abril de 2015 sobre tramitación de teses de doutoramento conforme a anteriores ordenacións ao Real Decreto 99/2011 pero que non contemplou a posibilidade de prórroga no suposto dos alumnos que comezaron os seus estudos no curso 2011/2012.

Vistas as incidencias que este baleiro normativo causou compre desenvolver e concretar unha normativa que regule todos os aspectos dos doutorandos que comezaron os seus estudos en programas de doutoramento verificados conforme ao R.D. 1393/2007 tanto no curso 2012/2013 como no curso 2011/2012.

Por todo o anterior, esta Reitoría, RESOLVE:

Primeiro.- Duración e prórrogas

1.- O alumnado de programas de doutoramento conforme ao R.D. 1393/2007 disporá como data límite para o depósito da tese o 30 de setembro de 2015, e como data límite para a súa lectura o 11 de febreiro de 2016.

2.- No obstante o anterior, aqueles que tivesen réxime de tempo parcial durante todo ou parte do período dos seus estudos ou aqueles que se matricularon por vez primeira no curso 2011-12 ou no curso 2012/2013 nos estudos de doutoramento conforme ao RD 1393/2007 que teñan concedida unha prórroga, terán como data límite de depósito o 1 de marzo de 2017 e como data límite de defensa da tese o 29 de xullo de 2017, coa finalidade de que podan obter o certificado do depósito do título antes dos 30 de setembro de 2017, data na que deberá estar totalmente extinguido o programa.

Segundo.- Baixa temporal

O doutorando poderá solicitar a baixa temporal no programa por enfermidade, embarazo ou por calquera outra causa prevista pola normativa laboral vixente, por un período máximo dun ano. A Comisión de Doutoramento pronunciarase sobre se procede acceder ao solicitado polo doutorando. As actividades desenvoltas polo doutorando durante a baixa temporal non poderán ser tidas en conta para a realización da tese, non computando os períodos de baixa no prazo de realización da tese a que fai referencia o apartado primeiro do artigo anterior. Non obstante, en ningún caso o depósito da tese non poderá exceder do 1 de marzo de 2017 e a defensa da tese non poderá exceder do 29 de xullo de 2017.



Terceiro.- Dedicación

O alumnado dos estudos de doutoramento realizados conforme ao Real Decreto 1393/2007, poderá ter unha dedicación total ou parcial ao programa. O alumnado acollido ao réxime de tempo parcial durante todo ou parte do período dos seus estudos, disporá ata o 1 de marzo de 2017 para o depósito da tese e ata o 29 de xullo de 2017 para a defensa da tese. O cambio de dedicación deberá solicitarse nos períodos de matrícula e xustificalo por motivos de carácter laboral, familiar ou persoal conforme aos criterios fixados no Regulamento de Doutoramento.

Cuarto.- Adaptación

O alumnado que non supere os estudos de doutoramento nos prazos establecidos ou que queren optar por esta vía antes de finalizar ditos prazos, poderán solicitar a adaptación dos seus estudos a un novo programa do Real Decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, conforme ao artigo 20 do Regulamento dos Estudos de Doutoramento da USC.

Os interesados/as poderán solicitar a adaptación no novo programa nos prazos estipulados na convocatoria de matrícula. A estes efectos, deberán presentar un proxecto de plan de investigación, unha proposta de titor/a.

Conforme ao procedemento que se determine se poderán imputar actividades realizadas no novo programa.

A Comisión Académica informará sobre a adaptación, avaliará o plan de investigación, e indicará as actividades que se propón recoñecer. Estas adaptacións producirán efectos dende a data da respectiva resolución de concesión.

Quinto.- Competencias

Corresponde á Secretaría Xeral, por delegación do Reitor, resolver previo informe da Comisión de Doutoramento, os seguinte trámites:

1. Autorizar a realización de estudos de doutoramento a tempo parcial no seu programa cando proceda.
2. A concesión de baixas temporais.
3. A concesión do cambio de dedicación
4. Resolver as solicitudes de adaptación aos novos programas.

Sexto.- Réxime supletorio

Ao alumnado que curse estudos ao abeiro do RD 1393/2007, seranlle de aplicación:

- As disposicións reguladoras relativas ao Tribunal, defensa e avaliación da tese de doutoramento que se establecen no Real Decreto 99/2011, ou norma que o substitúa ou modifique, e o seu desenvolvemento polo Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC (Consello de Goberno de 25 de xuño de 2012, DOG do 29 de agosto).
- As disposicións sobre a tramitación de teses reguladas na RR do 28/04/2015

Tamén será réxime supletorio para este alumnado os artigos 33 ao 35 e os artigos 39 a 44, ambos inclusive, do citado Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC.

Sétimo.- Solicitud de prórroga no curso 2015-16

Non será necesaria unha solicitude expresa de prórroga para o curso 2015-16 por parte dos alumnos que se matricularon por vez primeira no curso 2011/12 ou no curso 2012/2013 nos estudos de doutoramento conforme ao RD 1393/2007 e que non procedan a defensa da tese antes do 30 de setembro de 2015, entendéndose automaticamente concedida coa matrícula no devandito curso.

Oitavo.- Derrogación normativa

Quedan derogadas, e polo tanto sen efecto, as Instrucións 12/2012 e 2/2013, da Secretaría Xeral da Universidade de Santiago de Compostela sobre estudos de doutoramento.

Noveno.- Entrada en vigor

A presente Resolución entrará en vigor na data da súa publicación no Taboleiro de Anuncios Electrónico.

Santiago de Compostela, 11/06/2015

